

## Narrativa

### Conto para a Balteira

Henrique Marques Samyn

É por acaso que pasa por aquela rúa. Acostuma facer outro camiño: seguir pola Ronald de Carvalho en dirección á Barata Ribeiro, e alí colle o bus. Hoxe tivo que resolver outros asuntos, e é por iso que baixa a Prado Júnior. Mero acaso.

Recoñece os rostros a distancia. Ao principio, hesita: hai moito tempo que non os ve —dez, quince anos? Cando envellecemos, o tempo pasa máis rápido. No momento en que os ollos se encontran, as dúbidas disípanse. O sorriso é reconfortante, o acaso non parece acaso: xusto hoxe! As débedas, a maldita crise; o aluguer, os fillos; o despido inevitábel. A cabeza fervendo, a noite maldormida.

—Traballo, para que traballo? Senta aí, carallo! Vai tanto tempo...

Precisa diso, realmente: hoxe, agora. Pasou a noite en claro, rolando na cama, andando dun lado para outro. Acordou pensando no peor: dar logo un fin a todo, mais como? Levar aos fillos tamén? Sente percorrendo o corpo aquel mesmo calafrío que lle veu xunto con esa idea —nunca lle pareceu posíbel tan sequera matinar nunha actitude dese tipo; cando vía nos xornais noticias de homes que o fixeran, sempre tiña palabras duras para condenalos. Canallas! Covardes! De repente, convertérase nun deles: pensara en comportarse como un covarde, como un canalla, e todo facía sentido. En que se transformara? Quedar alí talvez o levase a reencontrarse consigo mesmo. Algúns minutos. Algunhas horas.

—Estabamos falando de María... lembras aquel día? A historia da vella? —pregunta Xoán, mentres chama ao camareiro.

Lembrábase, está claro. Onde foi? Na Lapa?

—Non, foi na Gloria! —responde Vasco, abrindo un sorriso. Sempre a sorrir, o vello Vasco, agora sen uns cantos dentes. —Lembro, eu estaba alí! Eu e o García!

—O García, o que morreu? —pregunta Xoán.

—Que dis, el morreu? Cando, como?

—Atropelado —responde Xoán—, en plena Dias da Cruz... non o sabías?

Non, había tempo que non o vía... había tempo que non vía a ninguén. As obrigas, o traballo, foise afastando de todo, perdeu o contacto con todo o mundo. A voz soa melancólica; mais Vasco ri outra vez, retoma a historia, alegría a mesa.

—Estabamos alí eu, ti e o García... aí pasou unha vella, unha mendiga —e Vasco ri mentres o conta; ri só, e porque el ri os outros tamén rin—, pasou unha vella, e ti metícheste con ela, nen lembro o que lle dixestes —sen dentes, o riso do Vasco torna todo máis hilariante—, e María ía pasando, e pensou que fose con ela! Pensou que fose con ela, a María! Púxose brava, baixou os santos do ceo, colleu o vaso de cervexa, tirouullo na cara! —E case caín da cadeira, gargallando, batendo na perna coa man pesada, o rostro vermello. —Eu lémbrome, eu lémbrome...

El xa escoitara o Vasco contar esa historia decenas, talvez centenas de veces; até o punto de que era como se el tamén estivese alí, naquela situación tantas veces repetida. Aínda así, el ri; e talvez Xoán tamén ría porque Vasco ri. Cando as risadas se misturan, el lembra

as outras veces que estivo cos dous amigos —e cando Vasco dixo esas mesmas palabras, gargallando dese mesmo xeito. É como se, subitamente, aquel tempo que os separaba dos amigos desaparecese: non os vía desde hai dez, quince anos, mais nada se transformou en todo ese tempo. Alí están os tres, só falta o Pedro; xuntos, rindo e bebendo cervexa. Porque ri, esquece a dor. As risadas do Vasco disípanse aos poucos; o rostro fica menos vermello, mais mantén o sorriso —un breve intervalo entre gargalladas, que resurxirán polo menor motivo. Xoán ben o sabe: non perderá a oportunidade.

—Este aquí é pobre por causa dela —di, rindo, sinalando ao Vasco—, é pobre por causa dela! Cantas veces te pasou para atrás? —E o outro, como era de esperar, abre novamente as gargalladas. —Pedía vinte reais, cincuenta, comezaba unha conversa... e deixaba a ese parvo esperando —fala nun ton malicioso, mollando as palabras con grolos de cervexa. —Perdiches moito pola súa culpa... —Se perdín! —admite o Vasco, outra vez vermello, outra vez gargallando.

El mira o reloxo, contrariado: non quere saír, aínda que deba. Colle o vaso de cervexa, bebe o último grolo; fita a espuma cun ollar melancólico, esboza un xesto para levantarse. —Oh, oh, a onde vas?— Xoán levántase, agárrao polo brazo; precisa ir, di, resolver os problemas. —Non agora, di Xoán, chamando ao camareiro, erguendo a copa vacía. Non precisa dicir nada máis: el quere ficar. Para que ter présa? Non ten diñeiro, cheo de débedas... Decide quedar: ten o resto da semana, ten o resto da vida para lidar cos problemas; agora, ten polo menos un momento de alegría. —E mira quen está chegando! —di o Xoán, apuntando para o outro lado da calzada. —Ese de aí fíxose rico e desapareceu! —grita o Pedro do medio da rúa. Ese é o mesmo Pedro, pensa? Case irrecoñecíbel: xa case sen cabelos, o corpo pesado, a barba cubrindo o rostro.

—Ese de aí sabeo todo sobre ela —berra o Vasco, enchendo outra copa de cervexa—, até foi enfeitizado por ela! —Pola Balteira? —indaga Pedro, encendendo un cigarro. —Rapaz, aquilo acabou comigo... —Pedro ri, Vasco ri. —Eu díxenlles que non se metesen, que ela sabía desas cousas... e ti con quen te fuches meter? —Xoán fala cun ollar cínico. —E ti non, Xoán? Ti non? —Xoán ergue os ombros, como quen nada ten que ver con iso. —Está claro, ti estabas sempre alí, fregués fiel, sempre cun

diñeiriño para a Balteira —di Vasco, fitando o Pedro cunha expresión cómplice. Xoán olla para baixo, un sorriso no canto da boca... cómplices alí son os catro.

Na mesa, as garrafas baleiras reflicten a luz do día que acaba. As lembranzas enbarálanse, as palabras atropélanse. Rin, gargallan. Son catro vellos, pensa; a iso vense reducidos: catro vellos, nunha taberna de Copacabana, a quen pouco resta alén de buscar a alegría nas lembranzas. El a punto de perder o emprego, cheo de fillos e débedas; o Vasco bebendo de máis, os ollos xa turbios, a voz cansada; o Xoán aínda con problemas de saúde, os remedios no peto da camisa gastada; o Pedro calado, algo tristeiro, fitando o vacío cun ollar melancólico. Catro vellos, buscando un no outro, e nas memórias compartidas, un breve momento de felicidade.

Subitamente, o indesexábel silencio. É preciso enchelo dalgún modo; é preciso esconder ese vacío insoportábel.

—E por onde anda María? —pregunta.

Os tres ollan para el, o espanto estampado nos rostros.

—Ti non o sabes? —pregunta Xoán, perplexo, desviando o ollar para o Vasco.

—A Balteira morreu —responde Pedro, de cabeza baixa— a Balteira morreu.

Non, el non o sabía.

Xoán colle o móbil, desliza o dedo sobre a pantalla partida.

—Atoparon onte o corpo —di Pedro, coa voz opaca—, na Lapa. Tres tiros.

Xoán exhibe unha foto no móbil.

O corpo aínda exhibe a beleza doutroa. Si, está envellecido, mais é aínda o corpo da Balteira —e aínda exhibe as curvas por tantos desexadas. Manchas de sangue tinguen o vestido branco, aberto á altura do peito, deixando os seos parcialmente expostos. Espallados ao redor da cabeza, os cabelos negros parecen fundirse co escuro asfalto. Dun lado do corpo, un bolso dourado, entreaberto; do outro lado, un zapato vermello.

—Sería un asalto? —pregunta. Ninguén responde. Talvez teñan tentado roubarlle o bolso, pensa; mais entón decátase do vestido aberto, a curva dos seios... houbo loita, seguro; talvez ela teña gritado, até que os tiros de repente a calaron. —Tres tiros —di Pedro. Unha rasgadura no vestido, perto do ombro dereito.

Séntese invadido por un estraño pudor, ao ver o colo exposto, mollado por un sangue aínda fresco –de onde esa vergoña, agora, se nunca a sentiu cando estaba viva, en tódalas veces que gozou daquel corpo? Quere desviar os ollos, mais Xoán permanece inmóbil: tamén el observa o teléfono que ten na man, un pouco trémula. Quere romper o silencio, mais non sabe como. Ninguén respondeu a pregunta. Ninguén enche as copas vacías. Ninguén os interrompe, nen o camareiro. Un silencio que pesa como o chumbo.

—Dicían que estaba tola —murmura Xoán, talvez igualmente incomodado. —E estábao? —Non sei —responde—, sempre me pareceu medio tola, a Balteira. E aos tres, sen que fose necesario dicir unha palabra, ocorríanselles as mesmas lembranzas: as incontábeis veces en que a Balteira varaba as madrugadas, danzando e cantando, ás veces sacando a roupa para exhibir o corpo que a tantos causara tanto deleite. Inesquecível aquel día en que, de repente, surxiu no medio da Cinelandia, entoando a súa canción preferida –O que Balteira ora quer vingar, das desonras que no mundo prendeu...–, e comezou a bailar soa, rodando a saia, os ollos

fechados, coma unha posesa; e outros aos poucos foron chegando, bébedos e vagabundos, putas e mendigas, e de repente todo se tornara unha inmensa festa, unha colosal celebración; e no medio de todo María Balteira, encantando ao seu desvariado séquito de marxinais.

—Non estaba tola —di Pedro. —Talvez —murmura Xoán. Mais que sabedes? Non sabedes nada, porque hai anos que non lle dirixiades a palabra. Cando eran máis novos, buscaran o seu corpo, del beberan, saciaran desexos; despois a súa compañía tornouse dispensábel, e cada vez máis indesexábel, ata que pasaron a ignorala, dedicándolle o mesmo desprezo dispensado a calquera desas vellas mulleres invísibeis aos ollares masculinos.

—Non o entendedes? —pregunta Vasco, a voz mollada de alcohol e bágoas. —Nós matamos a Balteira. —Ninguén aquí deu ningún tiro —di Xoán. —Non importa, —insiste Vasco —nós matamos a Balteira, todos nós.

Xoán balancea a cabeza, os outros non din nada. Vasco chora.

Na mesa, copas e garrafas baleiras esperan por un camareiro que non chega.